

EDICTO

Desestimación reclamacións e aprobación definitiva do “Proxecto de adaptación do proxecto de normalización do mobiliario urbano do Barrio da Magdalena ao Barrio de Ferrol Vello”

Por decreto de Alcaldía do 30/03/2021 resolveuse desestimar integramente as reclamacións achegadas, confirmar o texto aprobado inicialmente o 29/04/2019, aprobar definitivamente o “Proxecto de adaptación do proxecto de normalización do mobiliario urbano do Barrio da Magdalena ao Barrio de Ferrol Vello” e publicar o texto íntegro do proxecto no BOP.

Procédese á publicación da aprobación definitiva e do texto íntegro de dito “Proxecto de adaptación do proxecto de normalización do mobiliario urbano do Barrio da Magdalena ao Barrio de Ferrol Vello”, que entrará en vigor consonte ao disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

A continuación publícase o texto íntegro que poderá consultarse na páxina web do Concello na Sede electrónica no seguinte enlace:

https://www.ferrol.gal/arquivos/documentos/normativa/urbanismo/PROXECTO_APROB_DEFINIT_DILIXENC_SECRETAR_asdo.pdf .

Ferrol,

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas,
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)
Julián Reina Villalón
(asinado dixitalmente)